

Premio Golden Gold, outorgados ás froiterías máis esixentes de España, na categoría de Gran Superficie

**A FROITERÍA "CONTIGO" DE EROSKI
RECOÑECIDA COMO A MELLOR DE ESPAÑA**

- **A froitería do hipermercado EROSKI de Zarautz, a primeira desenvolvida baixo o modelo "contigo" foi elixida a mellor froitería de España na categoría de Grandes Superficies**
- **O novo modelo comercial "contigo" de EROSKI afonda na súa especialización en frescos, maximizando para o cliente a relación calidade-prezo**
- **A cooperativa aposta pola colaboración directa cos provedores en orixe para garantir unha calidade superior da froita e verdura**
- **EROSKI conta con tres plataformas loxísticas automatizadas de frescos, punteiras no sector da distribución, que logran acurtar o tempo de chegada de froita e hortaliza ás tendas e xeran aforros na cadea loxística que se trasladan ao cliente a través de EROSKI Club**

Madrid, 29 de outubro do 2015.- [EROSKI](#) viu hoxe recoñecida na Feira Internacional Agroalimentaria [Fruit Attraction](#) a especialización en frescos do seu novo modelo comercial "contigo" co Premio Golden Gold. En concreto, a froitería do hipermercado EROSKI de Zarautz foi elixida a Mellor Froitería de Gran Distribución en España.

A [Asociación de Produtores Hortofrutícolas de Valle Venosta](#) (VI.P.) recoñece con estes galardóns ás froiterías máis esixentes de España. O responsable de froitas e hortalizas de EROSKI, Martín Fernández San Román, e mais a xerente do hipermercado EROSKI de Zarautz, Pili Taboada, recolleron o premio de mans do director xeral de VI.P, Josef Wielander.

"A froitería é unha sección determinante do novo modelo comercial "contigo" e aspiramos a que o noso cliente a recoñeza por ser a que mellor relación calidade-prezo lle ofrece", sinalou o responsable de Froitas e Hortalizas de EROSKI, e engade "apostamos por ampliarmos a gama de froitas e verduras para lle ofrecer a maior liberdade de elección ao consumidor para acadar unha alimentación máis variada e saudable".

EROSKI ve recoñecida con este galardón a súa estratexia de diferenciación que aposta por uns frescos de mellor calidade e prezo. A froitería "contigo", que se

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

desenvolveu por primeira vez no hipermercado EROSKI de Zarautz galardoado, estase a espallar actualmente ao resto da súa rede de tendas. Coas remodelacións ao modelo "contigo", o espazo dedicado na tenda ás seccións de frescos medra para lles dar un maior protagonismo aos produtos locais de tempada e lle ofrecer unha atención máis personalizada ao cliente.

As tendas "contigo" son máis experienciais e buscan sorprender o cliente dende os valores de proximidade, empatía e participación inherentes á cultura cooperativa. *"Concretamente na froitería "contigo" tratamos de vivir a carón do cliente cada campaña, dende o amorodo a comezos de ano ata a campaña de cítricos que iniciamos agora",* destaca o responsable de Froitas e Hortalizas de EROSKI *"cunha ampla oferta que cobre dende a gama de máximo aforro ata as propostas máis premium con marca EROSKI Natur, que ofrecen a mellor froita seleccionada en orixe polo seu calibre, aspecto e punto de maduración, amais de ofertas personalizadas a través de EROSKI Club, degustacións..."*.

Esta evolución cara a unha maior especialización en frescos baséase nunha colaboración máis estreita cos provedores en orixe, con acordos a longo prazo para unha maior sostibilidade do sector primario e unha aposta pola calidade e a eficiencia nos procesos para reducir o tempo de tránsito dende a recolleita ata as tendas.

Innovación tecnolóxica nos procesos loxísticos

En paralelo á transformación das súas tendas ao modelo "contigo", EROSKI acometeu durante os últimos anos importantes investimentos para automatizar procesos nas súas plataformas loxísticas co obxectivo de gañar eficiencia e trasladarlles estes aforros aos consumidores a través duns prezos descontados para os seus Socios-Cliente.

Actualmente conta con plataformas automatizadas de frescos en Zaragoza, Madrid e Baleares, que lles dan servizo ás súas tendas. Trátase de plataformas punteiras no sector da distribución, que logran acurtar o tempo de chegada de froita e hortaliza ás tendas e xeran aforros na cadea loxística que se trasladan ao cliente a través de EROSKI Club.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)